

SAN MARTIÑO 1º TRIMESTRE CURSO 2020-2021

ESTE DOCUMENTO PERMITE FACER UN BREVE REPASO DAS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS DURANTE O TRIMESTRE.

COMEZOU CUN POUCO DE INCERTIDUME POLO TEMA DO CORONAVIRUS, PERO POUCO A POUCO FOMOS ADAPTÁNDONOS AO RITMO DIARIO DA AULA COMO EN CURSOS ANTERIORES, INTERIORIZANDO UNHA SERIE DE NORMAS NOVAS QUE TIÑAMOS QUE SEGUIR PARA PODER COIDARNOS TODOS FRENTE A ESTE VIRUS. VOLTAMOS Á ESCOLA DESPOIS DUNHA LARGA E DURA CUARENTENA, VOLVEMOS A VER OS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS, ASÍ COMA AOS MESTRES/AS, QUE TANTO BOTÁBAMOS DE MENOS, E COÑECEMOS AOS NOVOS DENTRO DESTA "NOVA NORMALIDADE"

EMPEZAMOS CON EXPERIENCIAS NOVAS, PROPOSTAS, TALLERES, PEQUENAS SAÍDAS A CONTORNA PRÓXIMA, INSTALACIÓNS DE XOGO E TRABALLANDO ASPECTOS MÁIS CONCRETOS GRAZAS O CONTO DE COCORICO E A MOSCA CHOSCA, O CAMBIO NO CONTORNO COA CHEGADA DO OUTONO, A CELEBRACIÓN DO SAMAIÑ DE DO MASGOSTO, DÍAS ESPECIAIS E COMO NON A CELEBRACIÓN DO NADAL, SENDO UN MOMENTO MARCADO POLA MAXIA E ILUSIÓN DOS CATIVOS/AS.



RUTINAS DIARIAS

A ENTRADA CADA DÍA NA ESCOLA É UN MOMENTO MOI ESPECIAL ONDE PODER COMPARTIR PEQUENOS DETALLES DE COMO EXPRESAR COMO NOS SENTIMOS.

NESTE TEMPO, DEIXAMOS AS BOLSAS DA MERENDA NO SEU SITIO, QUITAMOS A MÁSCARA FACIAL COLOCÁNDOA DENTRO DA SÚA CAIXIÑA, SACAMOS E COLGAMOS O ABRIGO, PARA A CONTINUACIÓN LAVAR AS MANS E CÓMEZAR COAS PROPOSTAS DE TRABALLO

CON ESTE PROCESO DE RUTINA OS NENOS/AS VAN ADQUIRINDO AUTONOMÍA, DESTREZA MOTRIZ E HÁBITOS DE HIXIENE E SAÚDE, COA OPORTUNIDADE DE PODER IR FACENDO POR SÍ SÓS/AS E A CONFIANZA QUE AMOSAN NOS MESTRES/AS, VAN AFIANZANDO AS SÚAS POSIBILIDADES DE ACCIÓN

VEMOS QUEN ESTÁ NO COLE OU NA CASA, DÁMOSLLE OS BÓS DÍAS, CONTAMOS CANTOS SOMOS. MIRAMOS O DÍA DA SEMANA NO QUE NOS ATOPAMOS, REALIZAMOS O REXISTRO DO TEMPO QUE, AO FINALIZAR O MES, FACEMOS RECONTO DOS DÍAS DE CHOIVA, SOL, SOL CON NUBES OU NUBES, TRATAMOS CERTAS PAUTAS BÁSICAS E NECESARIAS DE HIXIENE CARA A PREVENCIÓN DO COVID- 19.

AO REMATAR DÁSE A OPORTUNIDADE DE CONVERSAR SOBRE O QUE NOS APETEZA,



CANCIÓNS PSICOMOTORAS E BOLSAS VIAXEIRAS

DENTRO DOS PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO PROMOVIDOS POLA CONSELLERÍA, TEMOS O DE *Promoción da Actividade Física en horario lectivo*. ESTE PROGRAMA QUERE CUBRIR A NECESIDADE DE MOVEMENTO QUE TEÑEN OS NENOS E NENAS DE TÓDAS IDADES E MOITO MÁIS OS DA NOSA ETAPA. INTRODUCIMOS ACTIVIDADES ESTRUTURADAS E SIGNIFICATIVAS DE MOVEMENTO CO FIN DE FAVORECER O DESENVOLVEMENTO DO NOSO ALUMNADO Ó TEMPO QUE SE ACTÚA NA PREVENCIÓN DE POSIBLES TRASTORNOS NA EVOLUCIÓN DO NENO/A. O NOSO OBXECTIVO É AXUDAR Ó SEU DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR. ESTES MOVEMENTOS REALÍZANSE A TRAVÉS DE **CANCIÓNS MOTORAS** (CANCIÓNS DOS DÍAS DA SEMANA) COAS LETRAS E COREOGRAFÍAS CREADAS NO PROPIO CRA, ONDE APARECE EN CADA DÍA DA SEMANA UNHA SERIE DE MOVEMENTOS RÍTMICOS ESCOLLIDOS PARA PODER REALIZAR EXERCICIO FÍSICO E DE CORTE NEUROMOTOR A DIARIO NAS AULAS, ASÍ COMO RIMAS CON MOVEMENTO.



CON ESTE MESMO OBXECTIVO CREAMOS AS BOLSAS VIAXEIRAS CON MATERIAL PSICOMOTOR. CADA MES A AULA RECIBE UN SACO CON MATERIAIS DIFERENTES PARA A PSICOMOTRICIDADE.

NON PODEMOS ESQUECERNOS DA TAN IMPORTANTE **RELAXACIÓN**. PARA ESTA VOLTA Á CALMA TRAS O RECREO, AS PERNAS, OS BRAZOS, AS MANS... DEBEN ENTENDER QUE XA NON PODEN BATER NIN CORRER CON TANTA FORZA...

MOCHILA VIAXEIRA

CONTO DE FIN DE SEMANA

CADA VENRES, LEVAMOS UN CONTO, DOS QUE RABUÑOSO E MÁXICA TROUXERON DA BIBLIOTECA DO CRA PARA A BIBLIOTECA DE AULA, NA BOLSA LARANXA, PARA LER NA CASA COA FAMILIA.

ADEMÁIS, UN DE NÓS LEVA A MOCHILA VIAXEIRA, ONDE VAN VAIROS CONTOS, LIBROS DE CONSULTA... E O MÁIS IMPORTANTE, RABUÑOSO PEQUENO, QUE PODE QUEDAR UNS DÍAS NO NOSO FOGAR, ATA O MÉRCORES.



ASÍ, MENTRES NOS ADAPTAVAMOS, O CURSO DEU COMEZO APOIÁNDONOS NUN RECURSO LITERARIO QUE NOS ENCANTA A ESTAS IDADES O **CONTO**, CONCRETAMENTE DOUS QUE NOS SUXERIU RABUÑOSO, E SEMPRE SON UN ACERTO:

A MOSCA CHOSCA E COCORICO

A TRAVÉS DELES TRABALLAMOS DIFERENES ÁMBITOS DO DESENVOLVEMENTO DO ALUMNADO

LINGÜÍSTICO, FACENDO XOGO DE EXPRESIÓN E INHIBICIÓN LINGÜÍSTICA, COMO O DA COROA ONDES OS NENO/AS TEÑEN QUE ADIVIÑAR A TRAVÉS DE PREGUNTAS E RESPOSTAS, O PERSONAXE QUE TEN POSTO NA CABEZA, DESPRAZARNOS POLA AULA E CANDO DIGAN O NOME DUN PERSONAXE, COLOCARNOS ONDE ESTEA A SÚA FOTO...



LÓXICA, CLASIFICANDO OS ELEMENTOS QUE SOEMOS UTILIZAR NAS COMIDAS, COMO NO CONTO DA MOSCA CHOSCA, CULLER, PRATOS... FACENDO A **CORR/AS** QUE TEÑEN ASIGNADO UN PERSONAXE SPONDENCIA UN A UN, POÑENDO A MESA PARA OS COMPAÑEIROS/AS, ORDENANDO AOS COMPAÑEIROS /AS QUE TEÑEN ASIGNADO UN PERSONAXE, SEGUINDO A SECUENCIA TEMPORAL DO CONTO...

SENSORIAL, VIVENCIANDO EXPERIENCIAS ASOCIADAS AOS DISTINTOS SENTIDOS, COMO POR EXEMPLO, VISTA: DESCRIBINDO OS VESTIDOS DE COCORICO EN FOTOS, DIFERENZAS, SIMILITUDES... TACTO. TOCAMOS AS DISTINTAS TEXTURAS DAS VESTIMENTAS, DESCRIBINDO SENSACIÓNS ASOCIADAS A CADA UNHA, ATOPAR UNHA CONCRETA COS OLLOS PECHADOS, AMASAMOS OS INGREDIENTES DO BISCOITO, GUSTO: PROBANDO OS INGREDIENTES DE FORMA INDIVIDUAL, OÍDO: ADIVIÑANDO A QUE ACCIÓN OU PERSONAXE PERTENCEN DETERMINADOS SONS

VALORES E EMOCIÓNS, XOGANDO A IDENTIFICAR EMOCIÓNS COMA A ALEGRÍA, MEDO, ENFADO NOS PERSONAXES DO CONTO, EN SITUACIÓNS QUE PODERAMOS TER VIVIDO NÓS MISMOS, ANALIZANDO CARACTERÍSTICAS FACIAIS E XESTUAIS QUE AS ACOMPAÑAN



O TEMPO VAI PASANDO E AGORA XA LLE COLLEMO DE NOVO O RITMO A ISO DAS PROPOSTAS E TALLERES, ALGUNHAS DE CARÁCTER XERAL, OUTRAS RELACIONADAS COA CONTORNA E MOMENTO TEMPORAL QUE NOS RODEA: OUTONO, SAMAÍN, MAGOSTO, NADAL...

LÓXICA MATEMÁTICA...





CONTEO, COMPARACIÓN DE PESOS, AVANCE NA RECTA NUMÉRICA, COMPARACIÓN DE MONTÓN E LONXITUDES: MÁIS QUE, MENOS QUE, CONSTRUCCIÓN DA GRAFÍA DO NÚMERO, AGRUPACIÓN SEGUNDO A CANTIDADE INDICADA, CLASIFICACIÓN ATENDENDO Á POSESIÓN DUN OU VARIOS ATRIBUTOS, ORDEACIÓN, SERIACIÓN, FIGURAS XEOMÉTRICAS, XOGOS LÓXICOS...



LINGUAXE

AÍNDA QUE A MAIORÍA DOS OBRADOIROS DE LINGUAXE FORON REALIZADOS POLA ESPECIALISTA QUE HAI NO CENTRO, TAMÉN FIXEMOS COUSIÑAS: CONCIENCIA FONOLÓXICA, DIFERENCIACIÓN DE LETRAS, CONSTRUCCIÓN DE PALABRAS, ESCRITURA ESPONTÁNEA...



EXPERIENCIAS E SENSORIAL

AVANZAMOS NO DOMINIO DO MÉTODO CIENTIFICO: PLANTEXAMENTO DE PROBLEMAS, FORMULACIÓN DE HIPÓTESES, PROPOSTAS DE COMPROBACIÓN, COMPROBACIÓN, ESTABLECIMIENTO DE CONCLUSIONÍS, ASÍ COMO NO COÑECEMENTO DAS SENSACIONÍS PROBOCADAS POR DISTINTOS ELEMENTOS, DEGUSACIÓN DE FROITOS, SABORES, VACIADO DE CABAZAS, ELABORACIÓN DE PASTELINA CASEIRA, NEVE, MESTURA DE CORES, TINGUIR ARROZ, MOSNTRUOS ESPUMOSOS...



CREACIÓN

AVANZAMOS NO DOMINIO DE DISTINTAS TÉCNICAS PLÁSTICAS. ESTAMPADO, PINTADO CON TÉMPERA, MODELADO, RECORTADO... PERO SOBRE TODO NA CREACIÓN ESPONTÁNEA EMPREGANDO AS MESMAS: CENTRO DE MESA DE OUTONO, PINTADO CON ELEMENTOS DE OUTONO, ESTAMPADO CON GLOBOS, PROVOCACIÓN DE FARO, TALLER YAYOI KUSHAMA, TALLER HERVÉ TULLET...



DÍAS ESPECIAIS

AO LONGO DESTA TRIMESTE, A PESAR DO DISTINTO QUE FOI, DADAS AS CIRCUNSTANCIAS ACTUAIS, TIVEMOS A OPORTUNIDADE DE LEVAR A CABO UNS DÍAS DIFERENTES NA ESCOLA EMPAPÁNDONOS DUNHA AMPLA GAMA DE APRENDIZAXES.

SAÍDAS POLA NATUREZA

DADO QUE ESTAMOS RODEADOS DE PURA NATUREZA APROVEITAMOS ESTE PRIVILEXIO PARA FACER SAÍDAS. UNHA DELAS ESTIVO DESTINADA A COÑECER AS ÁRBORES QUE NOS RODEAN, TALES COMO O CARBALLO, AMENEIRO E SOBREIRA, OBSERVÁNDOOS, RECOLLENDO DIFERENTES ELEMENTOS: PEDRAS, PAUS, LANDRAS..., TAMÉN RECOLLEMOS LIXO, NON QUEREMOS UNHA CONTORNA SUCIA NIN QUE LLE PASE NADA AOS ANIMALIÑOS QUE VIVEN NELA



A HORTA

SEGUINDO CO TEMA DA IMPORTANCIA DE ESTAR EN CONTACTO CONTINUO CO MEDIO, NON NOS PODEMOS ESQUECER DA HORTA DA ESCOLA. TRABALLAMOS NELA, SACAMOS AS MALAS HERBAS QUE TIÑÁ, FIXEMOS NOVAS PLANTACIÓNS DE REPOLOS, BRÓCOLI... E O MÁIS IMPORTANTE, COIDADÁMOLA. DESTA XEITO FAMILIARIZAMOS AOS NENOS/AS COA IMPORTANCIA DO COIDADO DO MEDIO UNHA VEZ MÁIS, ASÍ COMO TAMÉN SE INICIAN NOS HÁBITOS SAUDABLES PARA UNHA BOA SAÚDE.



CELERACIÓN DO GMAGOSTO E SAMAÍN

DESRUTAMOS DOS NOSOS
DISFRACES, VEMOS A PELI DE
RABUÑOSO... DE ONDE SAE ESE FUME?,
PERO SE ESTABANA ASANDO AS
NOSAS CASTAÑAS... HABERÁ QUE
PAPALAS NA MERENDOLA, USANDO AS
CAIXIÑAS TAN CHULAS QUE FIXEMOS



SOLE FELLOZA



OUTRO DÍA ESPECIAL FOI A VISITA DA CONTACONTOS
"SOLEDAD FELLOZA". TIVEMOS A OPORTUNIDADE DE
ESCOITAR A ESTA GRAN ARTISTA NA ESCOLA, CONTÁNDONOS
DIFERENTES CONTOS COMO POR EXEMPLO "ESQUELETOS
DIVERTIDOS", "IYOKÉ ES MUY PEQUEÑO", "LOS COLORES
HABLAN", GOZAMOS DUN MOMENTO MOI AGRADABLE
SUMERXÍNDONOS EN DIFERENTES HISTORIAS, DEIXAMOS
VOAR A NOSA IMAXINACIÓN E "SOLE" FOI A ENCARGADA DE
FACER MAXIA. RECALCAMOS ASÍ A IMPORTANCIA DE QUE OS
NENOS/ES ESTÉN EN CONTACTO CONTINUO COS CONTOS,
ADQUIRINDO NOVO VOCABULARIO, ESTIMULANDO A
LINGUAXE, ENTRE OUTRAS COUSAS.

25 DE NOVEMBRO DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE



REFLEXIONAMOS SOBRE A
IMPORTANCIA DE RESOLVER OS
CONFLICTOS SEN RECORRER Á
VIOLENCIA E FACÉMOLO, PARTINDO DA
LETURA DO CONTO OS BONOBOBOS CON
GAFAS, E COMPLEMENTÁNDOO CO
OBRADOIRO OFERTADO POLO CONCELLO
PARA TRABALLAR A IGUALDADE E A
EDUCACIÓN EMOCIONAL, NO CAL
TRABALLAMOS E REFLEXIONAMOS
SOBRE QUE TODOS/AS SOMOS IGUAIS
E TODOS/AS TEMOS A OPORTUNIDADE
DE XOGAR AO QUE QUEIRAMOS.



INSTALACIONES

O QUE SE PRETENDE CUNHA INSTALACIÓN DE XOGO UO ARTÍSTICA, É TRANSFORMAR O ESPAZO PARA PROOCAR NO NEN@ UNHA EMOCIÓN, UN PRACER, UN COÑECEMENTO OU UNHA APRENDIZAXE A TRAVÉS DA ORDEN ESTÉTICA E CUNHA ACTITUDE LÚDICA.

O QUE TRATAMOS É DE PROVOCAR A SÚA DECONSTRUCCIÓN, TRANSFORMACIÓN E NOVA CONSTRUCCIÓN.

OS NENOS/AS DEBEN DESCUBRIR COMO FUNCIONA ESE ESPAZO, CRANDO UNHA RELACIÓN CON NÓS, OS ADULTOS, DE COLABORACIÓN, ENCONTRO E ENTENDEMENTO, INTRODUCÍNDOS NO SEU XOGO.

CON ESTE TIPO DE ACTIVIDADE O QUE SE PROMOVEN SON ACCIÓN DE IMITACIÓN, EXPLORACIÓN, TRANSFORMACIÓN SIMBÓLICA...

NESTE TRIMESTRE LEVAMOS A CABO TRES INSTALACIÓN DE TEMÁTICA DIFERENTE: SAMAÍN, CAIXAS DE CARTÓN E NADAL.

PARA RECIBIR O
SAMAÍN
DESFRUTAMOS E
EXPERIMENTAMOS
CON ESTA
INSTALACIÓN
CREADA CON
ELEMENTOS TÍPICOS
DESTA ÉPOCA,
COA QUE DEIXARON VOAR
A SÚA
IMAXINACIÓN..



PARA ESTA INSTALACIÓN
EMPREGAMOS CAIXAS DE
CARTÓN DE DIFERENTES
TAMAÑOS, ANACOS DE
CARTÓN...

AS CAIXAS CONVERTÉRONSE EN
COCHES, CASIÑAS, ROBOTS...

XA QUE, CITANDO A TONUCCI:
*"UN BO XOGUETE É AQUEL QUE,
SIN SER NADA EN CONCRETO,
PODE SER MOITAS COUSAS".*

A ÚLTIMA INSTALACIÓN QUE
REALIZAMOS ESTE
TRIMESTRE NON PODÍA SER
OUTRA QUE A DE NADAL, XA
QUE OS ELEMENTOS TÍPICOS
DESTA ÉPOCA DO ANO
ESPERTAN NOS NEN@S
SENTIMENTOS DE EMOCIÓN E
LEDICIA, MOITO NOS GUSTA
E ILUSIONAN ESTAS DATAS



ANIVERSARIOS

POR SUPOSTO, CELEBRAMOS OS ANIVERSARIOS DOS AMIGUÍN@S QUE CUMPLEN NOS MESES DESTE TRIMESTRE..



Parabéns!